



iniciativas no rural galego

Iniciativa	Fademur Antoxos
Enderezo	Carballeda de Avia, Ourense
Web	-
E-mail	coop.antoxos@gmail.com
Persoa de contacto	María Luísa Álvarez Lorenzo
Fórmula xurídica	Cooperativa de traballo asociado



A experiencia

Antoxos é unha cooperativa constituída por mulleres que prestan servizos de proximidade no seu propio concello e comarca. En concreto leva a comida ao domicilio das persoas maiores que queiran contratarlle os servizos.

É un exemplo de creación de valor económico no contorno, a partir da necesidade de servizos derivada do avellentamento e dispersión da poboación. Ao mesmo tempo que se atende unha necesidade desde a proximidade, créanse tres postos de traballo.

Cunha carteira de clientes diarios duns 40 ou 50, Antoxos pode facer menús personalizados, e busca respectar as comidas tradicionais ás que as persoas do rural están afeitas, tomando tamén en conta criterios de saúde propios para cada caso.

As orixes



Constitúese como cooperativa en xullo de 2011, coa denominación Cooperativa de servizos de comida caseira a domicilio Fademur Antoxos, S. Coop. Galega.

O grupo promotor, xunto con outras mulleres do concello, comezaron recibindo cursos de cociña, alfabetización dixital, cooperativismo e manipulación de alimentos, dentro dun programa impulsado pola Federación de Asociacións de Mulleres Rurais, Fademur, e financiado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. O obxectivo deste programa era impulsar a incorporación, permanencia e promoción das mulleres rurais no mercado de traballo, así como cubrir a crecente demanda e necesidades de atención de axuda a domicilio para persoas maiores e dependentes que viven no ámbito rural.

Ao mesmo tempo, buscábase poñer en valor saberes femininos vinculados á cociña e aos coidados, para convertelos nun medio de vida digno.

O territorio

Carballada de Avia é un pequeno concello da comarca do Ribeiro, caracterizado pola pequena dimensión e a perda de poboación. En 1991 tiña 1888 habitantes, sendo menos de 1400 na actualidade. O índice de envellecemento supera os 500 puntos porcentuais.






A igualdade

Un dos valores diferenciais deste proxecto é que se centra no acceso ao emprego por parte dun grupo de mulleres de entre 30 e 50 anos que eran paradas de longa duración, nun contorno onde as ofertas de emprego son moi reducidas.

Unha das variables valoradas polas socias da cooperativa é poder traballar no propio concello e, como xa indicamos, converter nun emprego as súas habilidades persoais e as actividades que xa viñan realizando dentro da economía doméstica.



Recursos

Para poñer en marcha a cooperativa, as socias desembolsaron o capital social. A formación, os investimentos precisos e o asesoramento foron facilitados por Fademur, dentro do proxecto que xa mencionamos e que se desenvolveu tamén noutros municipios de España.

Pola súa parte, o concello cédelles as instalacións e préstalles diferentes apoios, como foi, no inicio do proxecto, poñer á súa disposición un vehículo para o reparto das comidas.

Tamén recibiron axudas da Subdirección de Cooperativas, da Xunta de Galicia, para a posta en marcha da cooperativa.

Impactos

Territorio intelixente

A busca de elementos de oportunidade na situación demográfica levou a pensar nos servizos de proximidade como actividade xeradora de emprego local. Antoxos utiliza esta proximidade como factor de calidade, adaptando os menús ás diferentes persoas usuarias e respectando a cociña á que están afeitas por tradición.



Territorio inclusivo

A falta de oportunidades laborais, máis acentuada para o caso das mulleres, é superada a través deste proxecto de autoemprego cooperativo, buscando converter habilidades que se exercen no ámbito doméstico nun emprego que as impulsa cara condicións vitais máis igualitarias.

Territorio sustentable

A experiencia xera oportunidades de emprego e facilita servizos de calidade no medio rural. Polo tanto, actúa na fixación da poboación desde dous elementos clave: o emprego e a calidade de vida.